



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpixunqueira@educxunta.es
www.eduxuntagal/cenros/cpixunqueira

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

En virtude da RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro de 2021) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1998, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde **elixir** no presente proceso electoral a **TRES (3)** profesores/as. O Consello Escolar do Centro ten **SEIS (6)** representantes do sector profesorado. Tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.
- 2.- O censo electoral de profesores está exposto no taboleiro de anuncios As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 13:00 horas do día 12 de novembro.
- 3.- As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día **4** ata as **13:00** horas do día **12 de novembro**.
- 4.-A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de dous nomes da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos. Este aspecto foi tratado no apartado 2º do Claustro ordinario celebrado o día 7 de outubro de 2021.
- 8.- Convocase Claustro extraordinario de Profesores para a proclamación das candidaturas para os representantes do profesorado no Consello Escolar para o día 15 de novembro (luns), telemático mediante envío da documentación por correo electrónico.
- 9.- Convocase **Claustro extraordinario** de Profesores para a elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar para o día **22 de novembro** (luns), ás **13:45 horas**, presencial no ximnasio do centro no que realizase a votación.
- 10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Fene, a 2 de novembro de 2021

A presidenta da Xunta Electoral

Asdo.: Mª Isabel Hermida Rodríguez

